



A Capitanía Marítima de Baiona acollerá a presentación da novela histórica ***El trono maldito***, contextualizada na época de Xesús de Nazaret. A obra, recentemente publicada polos catedráticos

José Luis Corral (Historia Medieval, Zaragoza) e Antonio Piñeiro (Filoloxía Clásica, Complutense de Madrid)

, será presentada por este último o vindeiro xoves 13 de agosto ás 20:30 horas.

El trono maldito constrúe un relato baseado nas investigación destes dous especialistas, o que permite ao lector participar de momentos míticos como o famoso baile de Salomé que custou a cabeza a Juan o Bautista, a entrada triunfal de Xesús en Xerusalén, a expulsión dos mercadores do Templo ou a morte de Tiberio e a proclamación de Calígula como emperador.

Antonio Piñeiro, autor dunha ampla bibliografía na que destacan os seus estudos sobre o cristianismo primitivo, goza do recoñecemento académico en diversas universidades do mundo. Á vez, para a maioría do público, a súa presenza é familiar polas súas colaboracións en diversos medios de comunicacións, especialmente xunto ao xornalista Iker Jiménez en Cuatro , no espazo Cuarto Milenio.

Residente en Madrid é nativo de Cádiz e veciño do Val Miñor, especialmente nos verán da vila de Baiona dende hai anos.

A conferencia desenvolverse co título "**Un siglo espectacularmente importante: siglo I. d.C.**
A propósito de *El trono maldito*", no marco do ciclo Baiona Cultural, que coordina o propio Antonio Piñeiro e patrocina o Concello de Baiona.